

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Anuncio modificación do prezo público pola participación no programa Concilia con Xogarzúa

ANUNCIO MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA CONCILIA CON XOGARZÚA.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 08/05/2024, aprobou o seguinte punto MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACION NO PROGRAMA CONCILIA CON XOGARZÚA:

PRIMEIRO.- Aprobación da modificación do prezo público de participación no programa Concilia XOGARZÚA cas seguintes bonificacións:

BONIFICACIÓNS

Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das familias numerosas. Para que sexa aplicable esta bonificación deberá presentarse copia do título de familia numerosa expedido pola respectiva Comunidade Autónoma.

Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das familias monoparentais. Para que sexa aplicable esta bonificación deberá presentarse copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou xustificante de ter presentado a solicitude e a documentación presentada.

Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das familias encabezadas por unha muller vítimas de violencia de xénero. Para que sexa aplicable esta bonificación deberá presentarse acreditación da condición de vítima de violencia de xénero, mediante algún dos documentos seguintes:

1º Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola secretaría xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

2º Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

3º Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.

4º Acreditación da situación de violencia de xénero polas entidades ou organismos acreditados segundo Resolución do 2 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 11 de novembro de 2021, relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero.

Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das familias con outras cargas relacionadas cos cuidados. Para que sexa aplicable esta bonificación deberá presentarse resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredite dita situación.

Establécese un cupo de exención para 4 menores participantes no programa XOGARZÚA, logo do informe favorable da educadora familiar do Concello.

As bonificacións non son acumulables. Cando para un mesmo exercicio e suxeito pasivo concorran os requisitos para o seu disfrute aplicarase a bonificación de maior contía.

SEGUNDO.- Publicar a aprobación de dita modificación de prezo público na Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa para o seu xeral coñecemento.

RECURSOS:

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro). Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde

o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

En Arzúa, a 8 de maio de 2024

O alcalde,

Xoán Xesús Carril Ramos

2024/3124